

RESPOSTAS AO WEBINARIO SOBRE AS SUBVENCIONES PARA A ACELERACIÓN CULTURAL NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS (20 de xuño de 2023)

Resolución do 4 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para a aceleración cultural no ámbito das artes escénicas ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241, e se convocan par ao ano 2023 (código do procedemento CT2070)

[DOG Núm 100 do Luns, 29 de maio de 2023](#)

En ningún caso a persoa beneficiaria pode ter relación profesional ou persoal, directa ou indirecta coa empresa que preste a aceleración?

Non. As bases, no seu artigo 5.3 deixan claro que, en ningún caso, a persoa beneficiaria pode ter relación profesional ou persoal, directa ou indirecta, cos servizos de carácter profesional que impartan e acompañen o proceso de aceleración.

En que nos afecta a elixibilidade das formacións?

No artigo 5.3, indícanse os requisitos que se deben ter en conta á hora de elixir unha empresa que preste os servizos de aceleración ou os seminarios, xornadas e obradoiros nos que se pode participar na fase de aceleración. Isto debe ser coherente co proxecto que se quere desenvolver, que é un dos criterios de valoración descritos no artigo 16.

É precisa a intermediación dunha aceleradora cultural?

Si, entendendo como aceleradora unha empresa de recoñecido prestixio e que poida acreditar traballos e labores similares nos últimos tres anos, que non teña relación persoal nin profesional coa persoa ou entidade solicitante da axuda e que imparta as accións descritas na liña 1 de aceleración

É elixible so a formación non regulada ou tamén a regulada?

Só serán gastos subvencionables os gastos de matrícula, desprazamento, aloxamento e manutención pola participación en xornadas, obradoiros e seminarios. Non caben dentro

desta liña os cursos de posgrao, máster ou calquera outros de formación regrada. Trátase de accións formativas especializadas no ámbito das artes escénicas.

Se me presento á Liña 3, por exemplo, podo incluír gastos de formación? Vexo que non son específicos da liña 3

Por suposto. É máis, o investimento da liña 3 ten que ir ligado a unha ou ás dúas liñas de aceleración, polo tanto o investimento da liña 3 ten que ir acompañado cunha formación nese ámbito.

A modo de exemplo, ¿como incorporar tecnoloxías nos procesos de xestión no ámbito do marketing e a comunicación?

Nalgunha das preguntas que se fixeron e nos exemplos expostos no webinar, pódese atopar a resposta a esta pregunta.

En relación co desenvolvemento do proxecto, é posible contratar a alguén para que desenvolva o proxecto, orientada polos servizos profesionais que pedimos na liña 1?

A finalidade da liña 1 é a de acompañamento á empresa solicitante. Trátase de capacitar o persoal da propia empresa dentro dun proxecto de aceleración. Esta aceleración ten que ter un fin, enmarcado nos obxectivos das bases, que a empresa solicitante ten que explicar no seu proxecto. En relación coa parte de aceleración, ten que ir unha parte de investimento (liñas 3 e 4) destinada a cumprir o fin da parte de aceleración anteriormente descrita.

Poderíase facer un estudo de audiencias, establecer un sistema CRM para comunicarte co público?

Si, sempre que o proxecto conte cunha parte de aceleración e cunha parte de investimento. Neste caso, un sistema de CRM sería un investimento, pero debe contar cunha parte de acompañamento formativo para o cadro de persoal da empresa, e debe supoñer polo menos o 20% do custo subvencionable.

Pódese optar a dúas liñas ao mesmo tempo dentro dun mesmo proxecto?

O proxecto que se presente necesariamente debe incluír unha parte de aceleración (liñas 1 e 2), á que se destina un mínimo do 20% do custo subvencionable, e un investimento (liñas 3 e 4). Ambas partes deben ser coherentes entre elas e o proxecto no seu conxunto ten que indicar o obxectivo a acadar pola empresa solicitante: nova liña de negocio, novos mercados, ou transformación dixital da empresa que xustifique a aceleración.

Nos gastos non subvencionables, entran nóminas dos socios que realicen traballos exclusivos para o proxecto de aceleración?

Non, non entran gastos de persoal.

Por outra banda estamos nun momento onde hai moitas subvencións que temos que financiar a través de préstamos ou créditos e pareceume entender que estes gastos non son subvencionables.

Efectivamente, non entran como gasto subvencionable os gastos financeiros.

Sería subvencionable implantar un sistema ERP para buscar a eficiencia na xestión

Si, sempre que ese investimento estivera relacionado cunha parte de formación recollida nas liñas 1 e 2 de aceleración.

Pódese escribir a convocatoria en castelán?

Si, pódese escribir a convocatoria tanto en galego como en castelán

Que epígrafes do IAE se poden presentar?

O IAE debe estar relacionado coas artes escénicas e, ao efecto destas bases, queda restrinxido ás disciplinas de teatro, en calquera das súas manifestacións, de danza e artes do movemento, de circo e de maxia.

Se queremos adquirir material para poder facer espectáculos en *streaming* ou *performances* en directo en plataformas, este material é subvencionable (cámaras, controles de realización, programas de edición)? A formación sería destinada ao manexo e utilización destes equipos.

Si, estaría enmarcado nun proxecto de aceleración cun investimento relacionado. É dicir, sería posible a adquisición de activos materiais para o apoio á transformación dixital da empresa sempre e cando o proxecto conte cunha parte de acompañamento formativo para o cadro de persoal da empresa, e supoña polo menos o 20% do custo subvencionable.

Publicaredes unha lista de empresas aceleradoras recomendadas? Ou tendes algún exemplo?

Non, non está previsto publicar unha listaxe de empresas aceleradoras.

Para os efectos desta convocatoria, a aceleración cultural enténdese como dotar a entidade beneficiaria dun conxunto de ferramentas que contribúan a impulsar a súa actividade empresarial. Polo que os proxectos que se presenten teñen que definir o obxectivo escollido dos do artigo 1.2 das bases e a aceleración ten que estar vinculada ao proxecto de investimento que se quere desenvolver.

A entidade escollida para prestar a aceleración no proxecto da solicitante debe ser de recoñecido prestixio, entendendo como tal poder acreditar a súa experiencia en aceleración de proxectos nos últimos tres anos.

A nivel de xustificación, é necesario manter as porcentaxes de cada un dos apartados incluídos no proxecto?

Si, en todo o proceso débense manter as porcentaxes de investimento, destinando polo menos o 20% do custo subvencionable, é dicir, do proxecto, á parte de aceleración.

No caso de non obter o 100% da axuda solicitada, a xustificación faise do 100% do proxecto ou do 80% subvencionable?

Sempre se xustifica o 100% do proxecto subvencionable. De non ser así procédese á minoración que corresponda.

Por outro lado, para considerar cumpridos os obxectivos da axuda, debe xustificarse polo menos o 60% do custo do proxecto. De non ser así, a axuda revocaríase na súa totalidade.

Son un traballador autónomo con traxectoria na creación nas artes escénicas e quero presentar un proxecto para a apertura dunha nova liña de negocio. Debo engadir un novo epígrafe no IAE antes de presentarme ás axudas?

Non, no momento de solicitar a subvención debe estar dado de alta no réxime de autónomos nun epígrafe vinculado coas artes escénicas, restrinxida a teatro, danza, maxia e circo.

Os honorarios do autónomo solicitante para a realización do proxecto se consideran gastos fixos de personal?

Non se admiten supostos de autofacturación (artigo 24.3 das bases).

Considérase investimento o deseño e desenvolvemento de sitio web?

A liña 4 subvenciona os investimentos vinculados á transformación dixital, entendendo como tal a dixitalización e aplicación de novas tecnoloxías á actividade principal, sempre que

impulsen a aceleración da empresa e responda aos obxectivos do artigo 1.2. Este investimento debe vir acompañado dunha fase de aceleración (líñas 1 e 2).